



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Lingua chinesa A1.1

GRUPO: Portal de Idiomas

ÁREA: Portal de idiomas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	50
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2012
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 16/12/2011 - 14:00h ao 03/01/2012 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓ DO CURSO

O nivel elemental A1 está ideado para principiantes. Enfócase na adquisición das habilidades comunicativas por parte do alumno. O noso obxectivo é que, ó finalizar o curso I e II, se poida alcanzar o nivel A1 do Marco Común Europeo de Referencia en materia da elaboración de programas de linguas.

O Marco establece o criterio de dito nivel concretando as competencias do alumno nos seguintes aspectos: é capaz de comprender e empregar expresións cotiás de uso moi frecuente así como frases sinxelas destinadas a satisfacer necesidades de tipo inmediato; pode presentarse a sí mesmo e a outros, pedir e dar información persoal básica sobre o seu domicilio, as súas pertencenzas e as persoas que coñece, pode relacionarse de forma elemental sempre que o seu interlocutor fale despacio e con claridade e esté disposto a cooperar.

DESTINATARIOS

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Unidade 1

Contidos comunicativos:- Saudar e despedirse. Formas de identificación (nome, nacionalidade...). Presentarse. Pedir e dar información sobre as linguas que se falan. Reglas para denominar países, nacionalidades e idiomas.

Contidos gramaticais e outros:- Forma de traducir nomes propios estranxeiros e de cidades. Pronomes persoais: singular e plural.

Unidade 2

Contidos comunicativos:- Presentar a terceiras persoas. Nomes occidentais de uso frecuente. Pedir e dar información sobre profesións e o lugar de traballo. Expresar a posesión.

Contidos gramaticais e outros:- Formación de palabras da profesión e o lugar de traballo. Pronomes demostrativos: "zhe" e "na". Non distinción do xénero. Partícula estrutural "de": expresión de posesión. Verbo "shi" (ser). Verbo "zai" (estar nun lugar). Forma negativa dos verbos. Pronomes interrogativos.

Unidade 3

Contidos comunicativos:- Os números do 0 ao 100. Pedir e dar información sobre a dirección

Contidos gramaticais e outros:- Verbo "zhu": residir. Verbo "you": poseer ou haber. Clasificadores usuais "ge", "ben". Forma negativa de "you". Formas interrogativas

Unidade 4

Contidos comunicativos:- Pedir e dar información sobre a familia. Pedir e dar información sobre a idade, a data de nacemento e o horóscopo chino. Felicitar un cumpleaños. Pedir e dar información sobre as datas

Unidade 5

Contidos comunicativos:- As cores. As prendas de vestir. Medios de transporte

Contidos gramaticais e outros:- Verbo "xihuan" para expresar gusto. Outra forma de interrogación afirmativo-negativa. Repaso final do visto nas unidades anteriores.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 1.-Terán preferencia as persoas que superaron con aproveitamento os cursos de Lingua Chinesa I ou II no ano 2011.
- 2.-Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008, publicada no DOG núm 7 do 10 de xaneiro de 2008.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela (luns e mércores) **INICIO / FIN:** 20/02/2012 a 23/05/2012

NUM. PRAZAS: 20 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

Marola Padín Novas

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 14 (antiga): Os días 20, 22, 27 e 29 de febreiro de 16:45 a 18:45. Os días 05, 07, 12, 14, 21, 26 e 28 de marzo de 16:45 a 18:45. Os días 09, 11, 16, 18, 23, 25 e 30 de abril de 16:45 a 18:45. Os días 02, 07, 09, 14, 16 e 21 de maio de 16:45 a 18:45. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO D (antiga): O día 23 de maio de 16:45 a 18:45. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA